

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. A lei que ten por obxecto a regulación xeral de todas as accións que permitan facer efectivo o dereito á protección da saúde recoñecido no artigo 43 e concordantes da Constitución é:

- A) A Lei Orgánica 14/1986, do 25 de abril.
- B) A Lei 3/1986, do 14 de abril, de Saúde Pública.
- C) A Lei Xeral de Sanidade.
- D) As respostas A) e C) son correctas.

2. No plano disciplinario do persoal estatutario, o incumprimento dos prazos ou outras disposicións de procedemento en materia de incompatibilidades, cando NON supoña o mantemento dunha situación de incompatibilidade, é:

- A) Unha falta moi grave.
- B) Unha falta grave.
- C) Unha falta leve.
- D) Non é unha actuación tipificada como falta.

3. Segundo a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), os datos relativos á saúde:

- A) Teñen o carácter de datos especialmente protexidos.
- B) Teñen carácter ordinario.
- C) Ese tipo de datos non están contemplados na LOPD, senón na lexislación específica reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes.
- D) Teñen carácter indispoñible.

4. NON é un criterio de actuación das Administracións públicas incluído na Lei Orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes:

- A) Facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
- B) Promover a presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de selección e valoración.
- C) Promover a presenza rotatoria de mulleres e homes nos seus órganos de dirección.
- D) Fomentar a formación en igualdade no acceso ao emprego público.

5. Cal destas normas sobre selección e provisión de prazas aplícase ao persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde?

- A) O Decreto 206/2005, de 22 de xullo.
- B) Con carácter supletorio, a Lei 30/1984, de Reforma da función pública.
- C) O Decreto 93/1991, que contén o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna da Xunta de Galicia.
- D) Todas as normas anteriores.

6. De acordo coa Constitución española, o dereito á protección da saúde:

- A) Está amparado mediante un procedemento xudicial preferente e sumario.
- B) Pódese protexer mediante o recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional.
- C) Ten a consideración de dereito fundamental.
- D) Ningunha resposta é certa.

7. Segundo o artigo 37 do Estatuto de Autonomía, que órgano exerce a función executiva da Comunidade Autónoma de Galicia?

- A) O Parlamento.
- B) A Xunta.
- C) O Presidente da Xunta.
- D) Os Conselleiros.

8. Indique a resposta correcta en relación coas estruturas organizativas de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde:

- A) Cada xerencia de xestión integrada está dotada de personalidade xurídica.
- B) Asumen con autonomía funcional a xestión dos recursos adscritos.
- C) Actúan no ámbito dos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde.
- D) Xestionan os recursos sanitarios separando a atención primaria da especializada.

9. Cal dos seguintes conceptos retributivos NON ten o carácter de retribución complementaria, de acordo co artigo 43 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde?

- A) O complemento de produtividade.
- B) O complemento de produtividade – factor fixo, para as categorías que exerzan as súas funcións no ámbito da atención primaria da saúde.
- C) Os trienios.
- D) O complemento de destino.

10. De acordo coa Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e a historia clínica (segundo a redacción establecida pola Lei 3/2005, do 7 de marzo), a información ao paciente será:

- A) Verdadeira, comprensible, axeitada ás necesidades do paciente, continuada, razoable e suficiente.
- B) Verdadeira, comprensible, axeitada ás necesidades do centro, continuada, fidedigna e exacta.
- C) Verdadeira, comprensible, axeitada ás necesidades do profesional, continuada, razoable e completa.
- D) Verdadeira, comprensible, axeitada ás necesidades do paciente, cuantificada, razoable e exhaustiva.

Preguntas de reserva

1. Segundo a Lei 8/2008, a dirección do Sistema Público de Saúde de Galicia correspóndelle:

- A) Exclusivamente, á consellería competente en materia de sanidade.
- B) Ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.
- C) Á presidencia da Xunta de Galicia.
- D) Á consellería competente en materia de sanidade, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Consello da Xunta de Galicia.

2. O artigo 1 da Constitución propugna como valores superiores do ordenamento xurídico español:

- A) A xerarquía normativa e a publicidade das normas.
- B) O principio de legalidade e de seguridade xurídica.
- C) A autonomía e a solidariedade entre nacionalidades e rexións.
- D) A liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.